

**SEMANA ADICADA Ó LIBRO**  
**Do 16 ó 23 de abril**

**PROGRAMA DE ACTIVIDADES**

**I.-EXPOSICIÓN**

A partir do LUNS, 16 de abril, quedará instalada no Centro (edificio 1) a exposición de fotografías “Galegos na Diáspora” do fotógrafo Delmi Álvarez e outros, organizada polos alumnos e profesores do centro. A visita realizarase cando o titor crea conveniente, se lle parece interesante.

Os cuestionarios para cubriren os alumnos durante a visita, están en conserxería do edificio 1.

**II.- DOCUMENTAL AUDIOVISUAL**

Durante a semana do luns 16 ata o luns 23 de abril, proxectarase o documental audiovisual “La última frontera” cunha duración aproximada de 50 minutos.

**Lugar:** Na sala de Usos Múltiples do edificio 2

**Profesores- tutores,** se o cren convinte

**Horario de tutorías**

<b>DÍA</b>	<b>HORA</b>	<b>CURSOS</b>
Martes, 17	5ª	4ºB
	6ª	1ºA y 1ºB
	7ª	3ºA y 3ºB
	8ª	2ºB y 2ºC
Mércores, 18	6ª	4ºA
Venres, 20	3ª	2ºA
Luns, 23	1ª	3ºB

**SINOPSE:** Neste documento, os cameruneses Eric Martial y Patrick Rossini relatan, en primeira persoa, por que chegaron a esa situación e como sobreviven a ela os miles de inmigrantes que agardan no monte Gurugú o momento de intentar o “asalto” á verxa fronteiriza: unha alambrada de espino de tres metros de altura.

**NOTA:** As veces, a voz non se entende ben polas dificultades de pronunciación dos relatores, pero aí están as imaxes ...

**III.- CHARLA- CONFERENCIA**

O venres, 20 de abril, teremos de 9 a 10,30, no salón de actos do Centro (edif.2), para todos os alumnos da E:S.O, unha conferencia sobre “A Emigración” a cargo dunha persoa senegalesa e doutra brasileira.

**IV.- 6º MARATÓN DE LECTURA ADICADO “Á EMIGRACIÓN”**

O maratón terá lugar o luns, 23 de abril, “Día do libro” de 9:00 a 14:30 horas na biblioteca do edificio 1.. Os textos falarán sobre “A migración: emigración inmigración”. A inauguración estará a cargo do Director do Centro: D. Victor Serantes

### HORARIO

<i>SESIÓNS</i>	<i>NIVEIS</i>	<i>PROFESORES</i>
1ª	1º Bach.	Ana e Mercedes D.
2ª	2º B /	Mercedes D. e Loli
3ª	2ª /4	Mercedes D.e Cristina
4ª	1ºA/	Mercedes S.
5ª	2º C. /	Cristina
6ª	1º B /	Mercedes S.

Con obxecto de non interromper a lectura, cando soe a sirena quedará un remanente de catro alumnos para relevar os seguintes lectores, que esperamos sexan puntuais.

### V.-ACTIVIDADES

Para o desenvolvemento de tódalas actividades, os alumnos están a facer diferentes tarefas co tema da EMIGRACIÓN: recollida de materiais, traballo coa prensa, murais, exposicións, traballos co libro “Abdel” de Enrique Páez, O libro xigante de receitas do mundo, recollidas de lendas de diferentes países... que están expostas ó longo do Instituto.